

ESCALETA PODCAST “CHOIVA ou PLUIE, Florencio Delgado Gurriarán ”

Sec.	Persoa	Elemento	Texto
0-30”	María Peón	Xenérica de entrada	Nas Ondas da Marola Radio na Biblio da EOI da Coruña Letras Galegas 2022 Choiva, Florencio Delgado Gurriarán
31”-2’14”	Anxel Pita	Voz e música de fondo	Este ano o día das Letras Galegas homenaxea un poeta do exilio, Florencio Delgado Gurriarán, un escritor descoñecido para moitas persoas, que refletiu na súa obra a saudade, o amor pola natureza e pola súa terra natal, a comarca de Valdeorras. Para alén de ser poeta, Florencio Delgado Gurriarán traduciu poesía francesa ao galego. El mesmo afirmou nunha entrevista en 1982: <i>Eu, como exercicios para arriquecer o meu pobre vocabulario galego, fixen tantiñas traduzóns, ou máis ben paráfrases, de poemas de sobranceiros poetas franceses.</i> En 1946 a Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, para celebrar o vixésimo quinto aniversario da súa fundación, convocou un certame literario no que, entre outros temas, se solicitaba a versión galega de poesías de dez poetas franceses ou ingleses modernos. E tres coleccións foron premiadas: unha de poesías inglesas (Plácido Castro), unha de poesías inglesas e francesas (Lois Tobío) e outra de poesía francesa traducida por Florencio Delgado Gurriarán. A escolma de obras premiadas foi publicada en 1949 pola editorial Alborada nun volume conxunto co título de <i>Poesía inglesa e francesa vertida ao galego</i>. O poeta valdeorrés inclúe na súa selección poemas de Verlaine, Mallarmé, Paul Valéry, Paul Claudel, Jean Cocteau, La Rochelle e outros.
2’15” - 2’38”	Lola Acosta		O título escollido para esta escolma foi “poesía vertida ao galego”. Di o dicionario que a primeira acepción de “Verter” é “Facer de forma voluntaria que saia e caia o contido dun recipiente nun sitio desexado” tamén é “Depositar un río, as súas augas, noutro río ou no mar”, é así que a choiva de Verlaine acabou por ser vertida, como choiva galega, nas



			palabras escollidas por Florencio Delgado.
2'39" - 2'44"		Música + <i>Il pleure dans mon coeur</i> de Debussy	
2'45" - 2'58"	Blanca	Música de Debussy de fondo	La PLUIE, CHOIVA de Paul Verlaine, pertence ao seu libro “romance sans paroles” (romances sen palabras) é ademais a súa obra máis popular e universal, nela evoca paisaxes interiores e o profundo sentimento de melancolía do poeta. Claude Debussy musicou o poema en 1888, baixo a forma de melodía para voz e piano.
2'59" - 3'07"		Música + <i>Il pleure dans mon coeur</i> de Debussy	
3'07" - 3'34"	José Manuel Tudó	Música de Debussy de fondo	O verso inicial: <i>Il pleut doucement sur la ville</i> (<i>Chove miudiño na cidade</i>) e que Florencio Delgado non traduciu, non foi encontrado en ningún poema de Rimbaud, pénsase que se trata dunha adicatoria de Verlaine ao seu antigo amante, co que partillou dous anos de vida bohemia entre Francia, Bélxica e Inglaterra e que remataron en xullo de 1873, cando Verlaine pegou un tiro a Rimbaud feríndoo na man.
3'35" - 3'37"		Son de choiva	
3'38" - 4'07"	Lola Acosta	Choiva de fondo	CHOIVA Chora o meu corazón E na vila a chover; ¿Que estraño esmorecer Sente o meu corazón? Nos tellados, a choiva, Canta un canto teimoso Pró corazón saudoso, ¡Doce canto o da choiva! ¿Por que te queixas, di,



			Corazón magoado? Se non es traizoado... ¿Por que te queixas?, di. Mais non aturo a dor Que me causa o ignorar, Que sen querer nin odiar Sinta tan forte dor.
	José Manuel Tudó primeira estrofa Blanca del Hoyo última frase	Primeiros versos e última frase de fondo da lectura en galego	PLUIE Il pleut doucement sur la ville Arthur Rimbaud Il pleure dans mon coeur Comme il pleut sur la ville; Quelle est cette langueur Qui pénètre mon coeur? [...] Mon coeur a tant de peine!
4'08" - 4'14"		Choiva de máis a menos	

Participantes:

- María Peón Torres- Profesora do departamento de francés
- Anxel Pita Pita - Alumno de galego
- Dolores Acosta Blanco - Alumna de inglés
- Blanca del Hoyo Ruiz – Alumna de francés
- José Manuel Tudó Anta - Alumno de francés

◆ Fontes de documentos escritos e audios:

- Son de choiva (á porta da EOI da Coruña), gravado o 21 de abril de 2022.
- <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=1077>
- Música: *All The Regrets*
Autor: Loik Brédolèse
Fonte: <https://soundcloud.com/blurturtle>
Licenza: <https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.fr>
- Música: *Ariettes Oubliées: Il Pleure dans mon Coeur (1885-1888)*
Autor: Debussy Claude
Piano: Giorgi Latsabidze (piano)



Voz: Xiaobo Su

(soprano)

Xiaobo Su, Giorgi Latsabidze, 2010.

Fonte: <https://imslp.org/wiki/Special:ReverseLookup/512084>

Licenza: [Creative Commons Zero 1.0](#)

- *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego por Plácido Castro, Lois Tobío, F.M. Delgado Gurriarán*. Editorial Galaxia, 2005.

Breve memoria sobre o proceso de elaboración do Podcast:

Durante o mes de marzo varias profesoras do equipo de biblioteca fixeron procuras sobre Florencio Delgado Gurriarán, na web e nos libros que foron adquiridos desde a biblioteca, de maneira a ver as posibilidades de cómo abordar o podcast sobre el e a súa obra, e poder relacionalo co noso ámbito, o ensino de linguas para adultos.

Finalmente, decidimos propor tamén ao grupo de Dinamización da Lingua Galega da escola unha primeira aproximación á edición de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego...*, desta forma, e coa axuda do departamento de francés, escollemos un poema sobre o que traballar e falar da tradución poética e elaboramos un primeiro guión.

Tamén procuramos o contacto do prologuista da edición dese poemario feita pola editorial Galaxia en 2005. Despois de contactar con el, decidimos enviarlle varias preguntas, primeiro por email e posteriormente fixemos unha gravación desde a radio da biblioteca por vía telefónica.

Unha vez revisado o guión o profesorado suxeriu algún alumnado para participar na gravación, que fixemos en dous días diferentes para finalmente facermos a edición en varias xornadas, na radio da biblioteca. O alumnado dun grupo de francés tiña traballado na aula previamente algunhas traducións e dúas persoas prestáronse voluntarias. Os outros dous alumnos colaboran ademais nos clubs de lectura de inglés e galego e xa tiñan feito outras podcast co seu profesorado para a radio da biblioteca.

Como o límite do concurso é de 5 minutos decidimos facer dúas versión: unha na que falase Carlos Lema e fose máis centrada na tradución de Florencio Delgado e outra, na que se falase tamén da historia do poema orixinal escrito por Verlaine. Por esta razón unha leva o nome en francés e a outra non.

A gravación foi feita no estudio de radio da biblioteca, na que temos unha mesa de podcat (roadcaster) e a edición final foi feita co programa audicity.